

**Uns 400 estudantes parciaron onte na clausura do certame Intercentros**

LORENA ROMERO &gt; FERROL

*O auditorio municipal de Naron acolleu onte o acto de clausura da vixésima edición do certame Intercentros, que este ano organizou o colexio do Feal e no que participaron preto dun milleiro de estudantes. Á entrega de premios do auditorio asistiron uns 400 alumnos e varios profesores.*



O alcalde, Xosé Manuel Blanco, coa presidenta da ONG Lena J. MEIS

O Cuarteto Moriatov, formado por integrantes dunha mesma familia rusa e creado no ano 1988 foi o encargado de amenizar onte a clausura da vixésima edición do certame Intercentros. Pezas de Mozart, Strauss e outros recoñecidos autores de música clásica, xunto con algunhas cancións típicas de Rusia, formaron parte dun repertorio no que tampouco faltaron interpretacións relacionadas cos debuxos animados, como Mary Poppins ou La Pantera Rosa. As preto de 300 butacas do auditorio municipal acolleron tan só unha parte do milleiro de estudantes dos centros públicos naroneses que participaron na convocatoria. Políticos e profesores encargáronse de entregar os premios das diferentes categorías antes de que o alcalde naronés, Xosé Manuel Blanco, clausurase oficialmente o acto.

O rexedor municipal felicitou a tódolos nenos que participaron no certame Intercentros, organizado este ano polo colexio do Feal e aos profesores que colaboraron co mesmo, porque “fixeron un traballo excelente”.

O alcalde remontouse vinte anos atrás para recordar aqueles tempos nos que, exercendo Blanco de concelleiro de Educación en Narón, profesores e alumnos colaboraban na organización da que sería a primeira edición do certame Intercentros. Aludindo ao éxito da convocatoria, o primeiro edil subliñou que é necesario continuar traballando para que o acto teña continuidade.

“Sei que esta celebración dá moito traballo”, recoñeceu o rexedor municipal, que amosou a súa confianza en que “os que hoxe son nenos se encarguen de organizalo en próximas edicións”.

Premios > Antes de proceder á entrega de premios, recordouse que os traballos realizados por alumnos de educación Infantil e Primaria que participaron nas modalidades de murais, conto, conto ilustrado e cómic permanecen expostos na plazoleta de Dolce Vita Odeón. Cada un deles recibiu un premio á participación, que entregaron concelleiros naroneses e que recolleron Antón López, director de CEIP A Solaina; Dolores Carpente, coordinadora do equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CEIP A Gándara; Lucía Fernández, do equipo de Normalización do CEIP Piñeiros; Carlos Pena, director do CEIP Ponte de Xuvia; Carmen Leira, directora do CRA de Narón; Gema Campos, do Equipo de Normalización do CEIP Virxe do Mar, e M<sup>a</sup> Dolores Vizoso, directora do CPI O Feal.

No que respecta ao alumnado de ESO e Bacharelato, que participou nas modalidades de narrativa, poesía, cómic e teatro escrito, os premios foron para Roberto Filgueira Martínez -na categoría de 1<sup>o</sup> e 2<sup>o</sup> de ESO-, alumnos de primeiro curso do IES As Telleiras, coa súa obra “Contos non tan contos do avó”. Na categoría de 3<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> de ESO o premio foi para Sara Martínez Santalla, de 3<sup>o</sup> de ESO do IES As Telleiras, pola súa obra “Dime o teu nome”. Na mesma modalidade tamén foi premiado Diego Ferreira Carballeira, do mesmo curso, pola súa narración “Faino por ela”.

En poesía, os premios recaeron en Diego Rodeiro Pena, de 2<sup>o</sup> de ESO do IES As Telleiras, pola obra “Un soño verdadeiro”; Rocío Soler Pérez, de 4<sup>o</sup> de ESO do CPI O Feal pola peza “Nos teus ollos sumerxida” e Verónica Pita Barcia, de 2<sup>o</sup> de Bacharelato do IES As Telleiras pola súa poesía “Doncelas”.

No apartado de cómic os premios foron para Román Cuadrado Cartelle, de 3º de ESO do IES Terra de Trasancos, por "Homunculum" e Verónica Pita Barcia, de 2º de Bacharelato do mesmo centro, por "Cousas de Meiga".

Óscar Martínez Montero, de 1º de Bacharelato do IES As Telleiras recibiu o premio de reportaxe radiofónica por "Sé lo que hicisteis" e na modalidade de reportaxe xornalística foron premiadas tres alumnas do IES As Telleiras: Noa Sobrado Canosa, de 3º de ESO, por "Quedarse en 1ª división"; Yessica Chaparro Corredor, de 3º de ESO, por "Contaminación da ría de Ferrol" e Alba Gómez de Vilar, de 2º de Bacharelato, por "Parece que o ave segue sen voar...".

Na modalidade de expresión oral, nas diferentes categorías, houbo recoñecementos para os alumnos do CEIP Vírxe do Mar, o CRA de Narón, o CPI O Feal, o CEIP Piñeiros, o CEIP A Gándara; o IES Terra de Trasancos e unha mención especial para Fiz Patiño Rubal, de 1º de ESO do IES Terra de Trasancos pola súa participación na opción de monólogo.

No apartado do cartel anunciados das Letras Galegas, Marina Laura Filgueira Martínez, de sexto de Primaria; Desiré Calderón Lourido, de 4º de ESO e Marco Rodríguez Ocampo, de 1º de ESO, levaron o primeiro, segundo e terceiro premio, respectivamente.

Así mesmo, houbo un premio solidario para o alumnado de Lençóis-Bahia, en Brasil, pola súa participación no certame. A presidenta da ONG Lena, Mercedes Taibo Rey, recolleuno de mans do alcalde naronés, Xosé Manuel Blanco.

O colexio de Piñeiros toma o relevo do do Feal e será o encargado de organizar o certame o vindeiro curso escolar.

A convocatoria organizase tendo en conta o Día das Letras Galegas, xornada para a que o Concello aprobou un texto relativo á súa conmemoración, cos votos de TEGA e BNG e que se corresponde co Manifesto da Mesa pola Normalización Lingüística, a prol da igualdade de dereitos para o galego.

[Portada](#) | [Opinión](#) | [Ferrol](#) | [Narón](#) | [Comarcas](#) |  
[Galicia](#) | [Deportes](#) | [España](#) | [Mundo](#) | [Economía](#) |  
[Sociedad](#) | [Comunicación](#) | [Última Página](#) | [El tiempo](#) |  
[Titulares](#) | [Servicios](#) | [Agenda](#) | [Exposiciones](#) |  
[Cartelera](#) | [Correo](#) |